

## CONTAXIA SOLIDARIEDADE PARA ACABAR COA FAME

O día 14 de febreiro de 2021, Xornada Nacional de Mans Unidas, propoñemos a celebración con oracións por diversas necesidades. (Novo Misal Romano N<sup>o</sup> 33: polos que padecen fame, páx. 1.047). E as lecturas propias do VI domingo do tempo ordinario, ciclo B.



### MONICIÓN DE ENTRADA

Benvidos. Imos celebrar o Amor de Deus que se entrega por nós para que o fagamos vida dándonos aos demais.

Axúdanos a iso a Campaña 62 de Mans Unidas, que nos convida a considerar a "Corresponsabilidade do ben común". Sabendo que, como o leproso das lecturas, segue habendo, moitas persoas, a quen non chega o que Divos regalounos para ben de todos.

Demos grazas a deus, autor de toda bendición, porque nos reparte os seus bens e pídenos que sexamos capaces de compartilos.

### ORACIÓN COLECTA

(Novo Misal Romano, páxina 1.047).



### MONICIÓN ÁS LECTURAS

A Palavra de Deus lémbra-nos que todo é bo e serve para dar gloria a Deus, sen esquecer aos que, como os leprosos de tempos de Xesús, son marxinados da sociedade. Acollamos a boa noticia de Xesús que nos convida a romper barreiras, sandar feridas e facer partícipes a todos da alegría do seu seguimento.

### ORACIÓN DOS FIEIS



**Celebrante:** Deus quere que todos os homes se salven e cheguen ao coñecemento da verdade. Oremos confiadamente polo ben común de todos os pobos.

- Pola Igrexa, que glorifique ao Señor vivindo a atención a todos e especialmente aos que non contan na sociedade do benestar.  
**Oremos.**
- Polos gobernantes, que procuren os auxilios necesarios para que todas as persoas poidan acceder ao necesario para unha vida digna.  
**Oremos.**
- Polos que sofren as consecuencias dun uso irresponsable dos bens e teñen que emigrar para participar duns bens que Deus dispuxo para todos.  
**Oremos.**
- Para que Deus multiplique os froitos do traballo de Mans Unidas, sensibilizando aos irmáns para un mundo máis solidario e fraterno.  
**Oremos.**
- Por nós, que conscientes das nosas limitacións, crezamos no uso responsable dos bens, dando gloria a Deus.  
**Oremos.**

**Celebrante:** Deus Pai que cuidas con amor de todas as criaturas, concédenos unha caridade eficaz cos irmáns que carecen do necesario para vivir con dignidade.  
**Por Xesús cristo o noso Señor.**

## MONICIÓN Á LA COLECTA

A nosa colección de hoxe é destinada á campaña contra a fame en Mans Unidas. Con ela contribuímos á loita contra a fame á que somos especialmente convidados neste día.

**Grazas pola túa xenerosidade.**

## PRESENTACIÓN DE OFRENDAS

Xunto ao Pan e o Viño, froitos da terra e dons de Deus, que se converterán no Corpo e o Sangue do Señor, presentamos a colecta que é a nosa colaboración para paliar os efectos dun uso irresponsable dos bens, un cartel e (ou proxecto) de Mans Unidas, expresión dos que traballan pola sensibilización e axuda aos máis desfavorecidos, as flores que alegrarán a mesa do altar, signo anticipado da mesa do ceo e uns medicamentos que expresan a axuda aos enfermos.

### ORACIÓN SOBRE AS OFRENDAS

(Novo Misal Romano, páxina 1.047)



### ORACIÓN DESPOI DA COMUÑÓN

(Novo Misal Romano, páxina 1.047)



### Día do Xaxún Voluntario

Venres, 12 de febreiro de 2021

### Xornada Nacional de Manos Unidas

Domingo, 14 de febreiro de 2021

## SUXESTIÓNS PARA A HOMILÍA

En tempos de Xesús a lepra curábase dificilmente, illábase aos enfermos para evitar contaxios, o que supoñía discriminación e marxinação. Hoxe segue presente en 114 países, pero se cura facilmente, aínda que pode provocar discapacidades.

Xesús sentiu mágoa ante a chamada, alongou a man e sandouno. Ante a chamada de Mans Unidas non podemos quedarnos quietos. O Papa explicábo en Madagascar, mirar a **“a nosa contorna, cantos homes e mulleres, novas, nenos sofren e están totalmente privados de todo! Isto non pertence ao plan de Deus”**.

E propoñía:

- ▲ **Levantar a mirada:** calquera que non sexa capaz de ver ao outro como irmán, de comoverse coa súa vida e coa súa situación, máis aló da súa procedencia familiar, cultural, social ‘non pode ser o meu discípulo’.
- ▲ **Non manipular o Evanxeo con tristes reduccionismos** senón construír a historia en fraternidade e solidariedade, no respecto da terra e dos seus dons sobre calquera forma de explotación; vivir o diálogo; a colaboración; o coñecemento recíproco.
- ▲ **Renunciar ao individualismo:** recuperar a memoria agradecida e recoñecer que, a nosa vida e capacidades son froito dun agasallo tecido entre Deus e moitas mans silenciosas.
- ▲ Así poderemos dar gloria a Deus en todo o que facemos.

## MONICIÓN FINAL DE INVITACIÓN AO COMPROMISO

Colaborar nalgún servizo ao ben común e expornos a solidariedade, persoal e económica, enfocada á causa pola dignidade dos máis pobres que defenden organizacións como Mans Unidas.



Máis materiais de Formación Cristiá en:  
[manosunidas.org/sensibilización/en las parroquias](https://manosunidas.org/sensibilización/en-las-parroquias)